



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

24 de maio 2024

-Participa no Encontro ClubUE! - ata o 4 de xuño

Non perdas a oportunidade de asistir a segunda edición do #EncuentroClubUE, que vai celebrarse en Oviedo entre o 9 e o 11 de xullo. Tres días de intercambio de experiencias e formación cos gastos pagados.

-Prácticas na Empresa Común Europea para o ITER e o Desenvolvemento da Enerxía de Fusión - ata o 10 de xuño

Prácticas de 12 meses nas oficinas de España, Francia e Alemaña para postos técnicos, de xestión de proxectos, comercial e administración.

-Prácticas na Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea - ata o 17 de xuño

Formación remunerada de seis meses en Viena para diferentes formacións.

-Prácticas na Autoridade Laboral Europea - ata o 31 de maio

A ELA oferta 19 prazas de formación remunerada de entre seis e 12 meses nas oficinas de Bratislava para diferentes perfís.

-Bolsas de formación da Fundación Galicia Europa en asuntos relacionados coa Unión Europea - ata o 17 de xuño

Catro prazos para persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de FP para prácticas en Bruxelas sobre asuntos relacionados coa UE.

-Bolsas de formación da Escola Galega de Administración Pública - ata o 21 de xuño

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

Dúas prazas para realizar formación remunerada ata decembro. Unha sobre dereito administrativo e outra sobre xestión de procesos de avaliación e calidade.

-Programa de Bolsas Máster CNIC - ACCIONA - ata o 7 de xuño

O Centro Nacional de Investigacións Cardiovasculares, xunto con ACCIONA, ofrece 9 bolsas para cursar un máster oficial en biomedicina nunha universidade pública española con prácticas nun laboratorio do CNIC.

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade - consúltaas todas aquí

-Voluntariado de dixitalización e comunicación ética en Roma - ata o 23 de xuño

Un ano de voluntariado, dende outubro, no proxecto La Città dell'Utopia.

-Voluntariado para coidado de animais exóticos en Países Baixos - ata o 18 de xuño

Traballo voluntario durante un ano para o coidado e mantemento do centro de rescate de especies exóticas.

E lembra!

-Prácticas nas oficinas do Servizo Europeo de Acción Exterior - varias datas

Vietnam, Sri Lanka e Maldivas, Mongolia, Xenebra ou Marrocos son algunhas das novas prazas abertas para facer prácticas de economía, saúde, dereitos humanos ou comunicación.

-Prácticas Schuman no Parlamento Europeo - ata o 31 de maio

O Parlamento Europeo abre a selección de graduados/as universitarios/as para o seu período de prácticas de outubro a febreiro en oficinas de Bruxelas, Luxemburgo e Estrasburgo ou oficinas nos Estados membro.



Coñeces o noso ClubUE?

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR



Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect



Europe Direct A Coruña



@edcoruna



@europedirectcoruna



682677765